

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

14423 *Real decreto 537/2019, do 20 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.*

O uso de cadeiras de rodas con motor eléctrico e os *scooters*, como produtos de apoio para a mobilidade, é cada vez máis frecuente por parte das persoas con discapacidade ou mobilidade reducida, no momento actual, de feito, algunhas destas cadeiras xa son utilizadas nos medios de transporte afectados sen que se formulasen dificultades especiais. Trátase de dar carta de natureza a esta continxencia sempre que iso sexa posible.

Por iso, de acordo coa proposta do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, considérase conveniente permitir o acceso destas cadeiras aos medios de transporte marítimo e terrestre cando non superen determinadas dimensións e sempre que sexa tecnicamente posible.

Por outra parte, representantes dos afectados pola epilepsia e pola diabetes propuxeron que os cans de asistencia para persoas con estas doenzas sexan admitidos nos transportes públicos do mesmo xeito que se admiten os cans de asistencia ás persoas con discapacidade. O acompañamento de cans especialmente adestrados a estas persoas amosouse especialmente eficaz para previr ataques propios desas enfermidades e chegou mesmo a salvar vidas.

O presente real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O exposto nos parágrafos anteriores pon de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia. A nova regulación é acorde cos principios de proporcionalidade e eficiencia ao conter as regras imprescindibles para conseguir os obxectivos mencionados sen impoñer novas cargas; igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica pois increméntase para os afectados, ao de transparencia pois someteuse o texto da norma ao trámite de información pública e audiencia directa das organizacións representativas do sector e dos axentes sociais.

O Consello Nacional da Discapacidade emitiu informe sobre esta norma, nel participan as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias. Así mesmo, o Consello Nacional de Transportes Terrestres (Sección de Viaxeiros) e o Comité Nacional do Transporte por Estrada tamén emitiron informe.

Esta disposición someteuse ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 2015/1535/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión da dita información.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 20 de setembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.*

O Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse unha disposición adicional quinta nova, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional quinta. *Admisión de cadeiras de rodas con motor eléctrico e scooters no transporte marítimo e terrestre.*

1. As normas establecidas neste real decreto que afectan o uso de cadeiras de rodas nos diferentes transportes terrestres así como no marítimo, sempre que iso sexa tecnicamente viable en condicións de seguridade, aplicaranse, sen sobrecusto ningún para o usuario, en relación coas cadeiras de rodas con motor eléctrico e *scooters* con tres ou máis rodas que cumpran a norma UNE-EN 12184 sobre cadeiras de rodas con motor eléctrico, *scooters* e os seus cargadores, cuxas dimensións máximas de lonxitude e largura sexan, respectivamente, de 1.300 por 700 milímetros.

No caso dos ferrocarrís non será obrigatoria a instalación e o uso de ancoraxe de acordo coa especificación técnica de interoperabilidade relativa á accesibilidade do sistema ferroviario da Unión para as persoas con discapacidade e as persoas de mobilidade reducida, aprobada polo Regulamento (UE) 1300/2014, da Comisión, do 18 de novembro.

2. Nos mesmos termos de viabilidade técnica e seguridade, sen sobrecusto para o usuario, nos traxectos de media e longa distancia, a persoa usuaria de cadeira de rodas con motor eléctrico ou *scooter*, sempre que sexa o seu desexo, poderá viaxar transferida a un asento convencional, que deberá estar situado xunto ao espazo habilitado no vehículo para as persoas usuarias de cadeira de rodas. Nestes casos a cadeira con motor eléctrico ou *scooter* deberá poder pregarse ou desmontarse.

Este asento de transferencia deberá ter as mesmas condicións de seguridade e comodidade que o resto de asentos do vehículo, e deberá estar configurado de forma que permita unha transferencia adecuada da persoa desde a súa cadeira de rodas con motor eléctrico ou *scooter*.

O espazo de viaxe habilitado no vehículo para as persoas usuarias de cadeira de rodas poderá ser utilizado para transportar a cadeira de rodas con motor eléctrico ou o *scooter*.

Nos casos en que existan servizos de asistencia a persoas con discapacidade ou mobilidade reducida dos diferentes xestores de infraestruturas de transporte ou operadores de transporte, os devanditos servizos admitirán e realizarán, sen ningún tipo de sobrecusto para o usuario, a asistencia pertinente ás persoas con discapacidade ou mobilidade reducida usuarias de cadeira de rodas para realizar as transferencias necesarias entre a cadeira de rodas e o asento, así como para situar a cadeira de rodas no espazo de viaxe dispoñible.

O disposto nesta epígrafe será de aplicación aos usuarios de cadeiras de rodas convencionais.

3. As empresas que presten os servizos de transporte deberán coñecer as características técnicas e de seguridade dos medios de que dispoñen para informar os viaxeiros sobre as características das cadeiras e, se for o caso, *scooters* admisibles en cada suposto.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional sexta nova, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta. *Cans de apoio a persoas con trastornos diabéticos e epilépticos.*

Recoñécese o dereito das persoas con trastornos diabéticos ou epilépticos ao acceso ás instalacións e medios de transporte acompañadas dun can de apoio, nos termos previstos para os cans de asistencia das persoas con discapacidade neste real decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «*Boletín Oficial del Estado*».

Dado en Madrid o 20 de setembro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO